



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI Armando Cotarelo Valledor

Campo do Rosario s/n

15818 Boimorto (A Coruña)

Teléfono / Fax: 981 51 62 45

Correo electrónico: cpi.armando.cotarelo@edu.xunta.es



GUÍA FAMILIAS PROTOCOLO COVID CURSO 2020-21

- Durante esta difícil etapa na que nos atopamos, solicitamos a colaboración das familias, para facilitar o traballo do centro escolar ao que van asistir as súas fillas/os. Resaltar que somos docentes e non profesionais sanitarios, polo que só podemos poñer á súa disposición os medios dos que dispoñemos para que seus fillos teñan o entorno escolar máis seguro posible e seguir o protocolo da Xunta dentro das nosas posibilidades humanas.

- Estamos traballando no protocolo **para garantir a seguridade dos seus fillos**, na sinalización do centro e das portas de entrada, marcando os espazos entre pupitres, realizando outras obras, pero non sabemos como vai evolucionar a pandemia, polo que pedimos especial atención ás comunicacións que lles iremos enviando a través dos vehículos oficiais dos quedispoñemos.

- **A páxina web do centro será un dos vehículos oficiais** de información e é recomendable que estean pendentes das novidades que vaiamos incluíndo nela.

Ademais, vostedes recibirán avisos importantes e comunicacións a través de ABALAR, polo que é conveniente que o teñan instalado TODAS AS FAMILIAS o día 10 de setembro. Existen videos titoriais na páxina da Xunta de Galicia que poden servir de guía: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/noticia/publicados-nuevos-videotitoriais-para-docentes-y-familias-uso-de-agueiro-comunidades>

A mediados de setembro estará colgado na páxina web un protocolo máis amplo que realizamos para o centro.

- **A Dirección e o persoal do centro** estará á súa disposición, **durante todo o curso escolar en horario lectivo**, para resolver ou aclarar as súas dúbidas, para o que terán os teléfonos do centro e a dirección de correo electrónico habilitadas.

TELÉFONO DO CENTRO: 981516245

CORREO ELECTRÓNICO: cpi.armando.cotarelo@edu.xunta.es

O Equipo Directivo está formado por:

Director: Guillermo Soto Mendi

Xefe de Estudos de Primaria: Gerardo Pazo del Nozal

Xefa de Estudos Secundaria: Benita González Padrón

Secretario: Manuel Fariña Cores

- Ademais, haberá un **Equipo COVID** co que terán que contactar para calquera



incidencia coa COVID e que estará formado por:

COORDINADOR COVID:

- **Guillermo Soto Mendi**

PROFESORES COLABORADORES COVID:

- **Gerardo Pazo del Nozal.**
- **Manuel Fariña Cores.**

- **Todo o noso profesorado**, ao comezo de curso, estará perfectamente formado en hixiene, na aula virtual, videoconferencias, etc.. ademais, durante as dúas primeiras semanas de curso, estamos programando unhas sesións para que o alumnado coñeza as normas de hixiene e o funcionamento da aula virtual e outras plataformas.

- **Todo o persoal do centro** usará máscara nas mesmas condicións que o alumnado. Ademais, unha limpadora pola mañá e dúas pola tarde ocuparanse das tarefas de limpeza e desinfección.

- **Durante este curso as familias non poderán entrar no centro con carácter xeral.** A entrada dos pais e nais no centro está limitada a un acompañante en Ed. Infantil sempre con máscara e gardando a distancia de seguridade. Se teñen que recoller o seu fillo/a deberán avisar con antelación mediante unha chamada telefónica ao centro. As titorías faranse todas de xeito telefónico, telemático ou por calquera outro medio que concerten co titor a principio de curso (véxase punto 5)

É recomendable que lean estas instrucións con atención e as garden nun lugar visible, porque rexirán mentras dure a pandemia e as autoridades sanitarias nolo indiquen.

COMEZO DE CURSO:

- A incorporación do alumnado será escalonada segundo a resolución de 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Educación :

O día 10 de setembro: 4º e 5º de Educación Infantil e 1º, 2º e 3º de Educación Primaria

O día 11 de setembro : 6º de Educación Infantil e 4º, 5º e 6º de Educación primaria

O día 16 de setembro : 1º e 2º da ESO

O día 17 de setembro : 3º da ESO

O día 18 de setembro : 4º da ESO



1. ANTES DA CHEGADA AO CENTRO:

- **Para a detección precoz da enfermidade no alumnado**, deberán realizar, antes da chegada ao centro, unha auto avaliación dos síntomas (Anexo 1) a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Se vostede contesta afirmativo a algunha das preguntas deste test deberá, inmediatamente, chamar ao seu centro de saúde de referencia e avisar a un dos coordinadores COVID do centro escolar chamando ao teléfono do centro.
- **A medición da temperatura debe facerse na casa, antes de saír para o centro, igual que a enquisa dos síntomas.** É unha responsabilidade das familias.
- **A canle de comunicación** para dar a coñecer ao equipo COVID (Véxase membros do Equipo COVID) os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias será o **teléfono do centro 981516245**.
- **No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa**, o alumno/a non acudirá ao centro e el ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos pais ou titores legais.
- **Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo**, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia (teñen unha folla que cubriron na matrícula coas persoas autorizadas nas recollidas) que deberá presentarse no centro á maior brevidade posible. **Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico.** Se o pediatra ou facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.
- **Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, os nenos e nenas ou o persoal do centro que convivan con elas NON PODERÁN ACUDIR AO CENTRO ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo.** A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado ó **COORDINADOR COVID** do centro.



<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>S</i>	<i>N</i>
		<i>I</i>	<i>O</i>
			<i>N</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
	Outros síntomas		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

<i>Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.</i>		<i>S</i>	<i>N</i>
		<i>I</i>	<i>O</i>
			<i>N</i>
Tivo <i>CONTACTO</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
<i>CONVIVIU</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		

2. CHEGADAS E SAÍDAS DO CENTRO:

Entrada ao centro:

- Educación Infantil:

Accederá ao recinto escolar polo portalón principal e permanecerá na zona cuberta



da diante ata que soe o timbre de garda acompañados polo profesorado de garda. O acceso ás aulas farano pola porta principal de entrada.

- **Educación Primaria:**

Accederá ao recinto escolar polo portalón principal e permanecerán no patio cuberto acompañados polo profesorado de garda ata acceder ás aulas cando soe o timbre pola porta que está nesta zona.

Educación Secundaria:

Accederá pola porta lateral próxima á pista de padel e permanecerán no pavillón acompañados polo profesorado de garda ata acceder ás aulas cando soe o timbre pola porta do patio de atrás e subirán ás aulas utilizando soamente as escaleiras que están próximas á conserxería.

As saídas serán secuenciadas para non coincidir en tempos e espazos

Para os recreos o horario de Infantil e Primaria en xuño e setembro será o mesmo que no resto do curso, de 11:10 a 11:40h, para non coincidir co de Secundaria que será como sempre de 12:00 a 12:30 h. Cada grupo terá asignado o seu espazo para moverse.

3. MEDIDAS DE HIXIENE E SEGURIDADE PARA O ALUMNADO:

- **Todo o alumnado do centro** deberá vir provisto de máscara e outra de recambio por se se ocorre calquer imprevisto.

Están permitidas as pantallas de seguridade persoal sempre que se usen con mascarilla.

Tamén é recomendable que traian unha botella de auga porque non poderán beber das fontes do centro que permanecerán pechadas por motivos de seguridade.

- **O uso da máscara é abrigatorio a partir dos 6 anos durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade de 1,5 m. Só poderán quitala para comer.**

- **En Educación Infantil e Primaria a organización do alumnado establecerse en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia.** Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo.

- **Nas aulas, o alumnado estará situado de forma individual** mantendo unha distancia de 1,5 m que é o que indica o protocolo da Xunta e **non poderán compartir material. Cada grupo terá asignado un aseo e non poderá utilizar outro.**

- **Durante as dúas primeiras semanas de curso**, o profesorado/titores, explicarán aos seus fillos as medidas de hixiene xerais e as medidas especiais nas diferentes materias e tamén na Biblioteca do centro.

- **En todos os espazos do centro** o alumnado disporá de xel hidroalcohólico, xel desinfectante, papel e papeleiras axeitadas á normativa.



- **Estarán reguladas e recollidas nas NOF** (normas de organización e funcionamento do centro) estas medidas, así como tamén medidas sancionadoras no caso de que un alumno non obedezca as indicacións do profesorado, xa sexan relacionadas co feito de poñer a máscara, ou con non manter as distancias de seguridade e outras que atenten contra a saúde.

- **Se un alumno non trae máscara** quedará illado ata que seus familiares/ titores/ pais lle proporcionen unha, **mais en ningún caso se permitirá estar no centro a ningunha persoa sen máscara**, polo que é moi importante que se aseguren que seus fillos traen a máscara ao centro.

- Para garantir a seguridade non haberá durante este curso, a non ser que mellore a situación, actividades extraescolares ou complementarias nin viaxes. Aínda así poderá haber excepcións, moi puntuais e autorizadas, se se pode garantir a distancia de seguridade cun número pequeno de alumnado. Tamén se poderán realizar sempre que sexan de forma telemática.

- **As familias deberán facer un traballo de concienciación** a seus fillos/as acerca destas medidas para facilitar o traballo de todo o persoal do centro durante este curso escolar.

4. CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS QUE IMPIDAN USO CONTINUADO DE MASCARILLAS:

Se existise algunha circunstancia especial que impida que seu fillo teña posta a mascarilla durante o tempo recomendado, deberá comunicalo inmediatamente ao titor/a; esa comunicación virá acompañada do correspondente certificado médico e cunha xustificación exhaustiva dese feito. **No caso de que o alumno non poida facer uso da mascarilla, o centro tomará medidas especiais para o seu tempo de lecer.**

5. FAMILIAS NO CENTRO E TITORÍAS:

- Por ser o alumnado mais pequeno e novo no centro haberá unha reunión para primeiro de Educación Infantil o martes 8 de setembro no pavillón, unha ás 10:00h coa titora Natalia para o alumnado de 4º e parte de 5º de Infantil, e outra ás 11:30 h coa titora Mari para 6º de Infantil e a outra parte de 5º de Infantil, á que poderá asistir un único membro da familia. Valoraremos a **posibilidade de facela cos demais grupos**. Se non fóra posible enviaríamollas toda a información por outros medios dispoñibles: ABALAR, correo electrónico, páxina web do centro.

IMPORTANTE: Mentras dure a pandemia, **non se permitirá a permanencia no centro das familias**, as titorías serán concertadas da seguinte forma:



A familia concertará unha cita chamando ao teléfono do centro 981516245 ou a través do correo electrónico do centro: cpi.armando.cotarelo@edu.xunta.es, sinalando no asunto con que profesor queren solicitar a cita. O titor/a porase en contacto con eles á maior brevidade posible, e da forma que considere, durante un horario amplo que a familia deberá comunicar no momento de solicitar a cita e que terá que ser dentro do horario lectivo.

5.1 REUNIÓNS COA ORIENTADORA DO CENTRO:

-Para as reunións coa orientadora, as familias poderán solicitar cita chamando ao teléfono do centro. Cando se concrete a cita, acordarase tamén a modalidade na que se levará a cabo tendo en conta o tema a tratar e a dispoñibilidade e medios (telefónica, telemática ou presencial).

No caso de que a Orientadora decidira que estas foran presenciais, debido á especificidade ou complexidade das temáticas, estará a disposición do Departamento de Orientación unha sala cun espazo físico suficiente para manter a distancia recomendada polas autoridades sanitarias.

En ningún caso, e tal e como recolle o protocolo publicado pola Consellería, será posible a atención presencial coincidindo cos horarios de entrada/saída nin con intercambios de clase ou recreos.

Actualmente a aplicación Abalar permite que a orientadora envíe comunicacións ás familias pero non que exista resposta.

Ademais existe un aula virtual de Orientación onde poderán atopar diversas informacións relacionadas coa mesma.

5.2 TRÁMITES NO CENTRO:

-Para a realización de **trámites** no centro (certificados, etc...) dispoñemos dun horario limitado que non pode coincidir cos momentos libres do alumnado (entradas e saídas, intercambios de clase e recreos) polo que é recomendable que soliciten o que precisen ou pidan cita previa chamando ó teléfono do centro **981516245**.

6. CASO QUE TEÑAMOS UN NOVO CONFINAMENTO OU SUSPENSIÓN DE CLASES POR CASOS NO CENTRO:

- Nas primeiras semanas de curso, e como tarde a finais do mes de setembro, o alumnado estará perfectamente formado e rexistrado para traballar coa Aula Virtual; o profesorado indicarlles a forma de entrar, subir traballos, enviar correos electrónicos e todo tipo de destrezas dixitais imprescindibles para o traballo na



casa.

- **Moitos de vostedes facilitáronnos coa matrícula os seus correos electrónicos. No caso que non fose así é conveniente que nolo faciliten**, ben por teléfono ou ben por correo electrónico.
- Tamén faremos un rexistro das persoas que non teñen internet ou ordenador na casa. No caso dun novo confinamento, comunicariámonos con eles persoalmente vía telefónica para atopar unha solución.
- **Non permitan que seus fillos poñan excusas en caso de haber un novo confinamento**, terán traballo, clases por videoconferencia e todos os programas de traballo dos Departamentos (no caso de confinamento ou suspensión das clases) estarán colgados na Páxina Web do centro. Non existe o aprobado xeral e os docentes terán ferramentas suficientes para avalialos correctamente mentras dure esta situación.

PARA CALQUERA DÚBIDA, SUXERENCIA OU ACLARACIÓN PODEN ENVIAR UN CORREO ELECTRÓNICO OU CHAMAR POR TELÉFONO AO CENTRO.